

AXENDA



>>> 2024 PRICIT DOCTORAL WORKSHOP

ECOBAS ACADEMY: CONFERENCIAS EN STREAMING

ECOBAS retransmite en directo as conferencias centrais do **IV PRICIT Doctoral Workshop**, que se celebra presencialmente na Facultade de CC. Empresariais e Turismo de Ourense os días 11 e 12 de abril.

Grazas á colaboración do **Programa de Doutoramento Interuniversitario en Análise Económica e Estratexia Empresarial** e ECOBAS coa UAM, a UVIGO e ASEPUC, o alumnado terá acceso para asistencia ONLINE ás dúas sesións principais deste evento.

XOVES
11 DE ABRIL
17:00 h



“MANAGEMENT ACCOUNTING”

Lucia Bellora-Bienengräber, Associate Professor of Management Accounting and Control, University of Groningen.

VENRES
12 DE ABRIL
10:30 h



“BOAS PRÁCTICAS EN INVESTIGACIÓN”

Beatriz García Osmá, Catedrática de Contabilidade, Universidad Carlos III de Madrid.


**** Se es alumno/a do Programa de Doutoramento Interuniversitario en Análise Económica e Estratexia Empresarial e non recibiches o enlace de acceso, escríbenos por correo electrónico indicando os teus datos persoais a ecobas@ecobas.gal.**

AXENDA



ITINERARIO DE INNOVACIÓN PARA A TRANSFERENCIA ECOBAS

Xa podes formalizar inscrición para a terceira e última sesión do noso itinerario de Innovación para a Transferencia. Será o martes 30 de abril en Vigo:



MARTES
30/04
12.00 h

- Horario: de **12:00 h a 14:30 h (CET)**
- Destinatarios: persoal investigador de ECOBAS
- Formato: **híbrido** (presencial/online) **síncrono**
- Lugar: Facultade de CC. Económicas e Empresariais da UVIGO (Campus Universitario As Lagoas Marcosende)
- [Preme aquí para formalizar a túa inscrición](#)

“CLIMA E NATURALEZA: RISCOS, OPORTUNIDADES E RETOS PARA O SECTOR PRIVADO”

XOVES
18/04
19:30 H

Segunda actividade do ciclo de conferencias “En Código Aberto” da Cátedra Inditex-UDC de Sostibilidade que dirixe a investigadora permanente de ECOBAS, **Marta Rey**.



NOTEX UDC 

O relator convidado, **Sebastian Troëng**, Ph.D., é doutor en ecoloxía animal pola Universidade de Lund en Suecia.

- Formato: **presencial**
- Lugar: Paraninfo do Reitorado da UDC. A Coruña.
- Necesaria [inscrición previa aquí](#).

OBRADOIRO DE CREATIVIDADE EMPRESARIAL E FERRAMENTAS DE IA: COÑECE OS NOVOS COPILOTOS CREATIVOS

MARTES
23/04
10:00 H



Co gallo do Día Mundial da Creatividade e a Innovación (21 de abril), o proxecto **HEI4FUTURE** que dirixe o investigador permanente de ECOBAS **Pablo Cabanelas** convoca un obradoiro sobre as posibilidades que ofrece a intelixencia artificial aplicada á creatividade empresarial, co obxectivo de impulsar a innovación e o crecemento nas organizacións modernas.

- Formato: **presencial**
- Lugar: [Facultade de Comercio da Universidade de Vigo](#).
- Formadora: **Raquel Pedrouso**, facilitadora de procesos de aprendizaxe en entornos profesionais e educativos.
- Necesaria [inscrición previa aquí](#).

AXENDA



PROGRAMA DE FORMACIÓN CONTINUA PARA A EXCELENCIA CIENTÍFICA



XOVES
18/04
12.00 H



SESIÓN 1: “EXCELENCIA EN INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA E VALOR SOCIAL DA TESE DOUTORAL”

Ana Olveira Blanco, Premio Extraordinario de Doutoramento 2024 da USC na área de Ciencias Sociais e Xurídicas, será a encargada de abrir o programa:

- Data: Xoves, 18 de abril 2024
- Horario: 12:00 a 13:00 h (CET)
- Presencial: Facultade de CC. Económicas e Empresariais da USC
- Online: ECOBAS Academy

VENRES
19/04
12:00 H



SESIÓN 2: “ESTRATEGIAS PARA FOMENTAR A CALIDADE DAS PUBLICACIÓNS CIENTÍFICAS”

Antonio Álvarez Pinilla, catedrático de Análise Económica e fundador do Grupo de Investigación en eficiencia e produtividade da Universidade de Oviedo.

- Data: Venres, 19 de abril 2024
- Horario: 12:00 h (CET)
- Presencial: Facultade de CC. Económicas e Empresariais da USC
- Online: ECOBAS Academy

XOVES
25/04
12.00 H



SESIÓN 3: “A CULTURA OPEN ACCESS: O VALOR SOCIAL DA INVESTIGACIÓN”

Mª Belén Rubio Armesto, Vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación da Universidade de Vigo e membro do Consello Reitor de ECOBAS.

- Data: Xoves, 25 de abril 2024
- Horario: 12:00 a 13:00 h (CET)
- Presencial: Facultade de CC. Económicas e Empresarias da UVigo
- Online: ECOBAS Academy

VENRES
26/04
12:00 H



SESIÓN 4: “GENERATIVE ARTIFICIAL INTELLIGENCES BASED ON LARGE LANGUAGE MODELS IN SCIENTIFIC RESEARCH: WHAT IS OUTSIDE THERE AND POTENTIAL USES”

Miguel González Loureiro, catedrático de Estratexia e Dirección Internacional de Empresas, investigador permanente de ECOBAS e coordinador do Programa Interuniversitario de Doutoramento en Análise Económica e Estratexia Empresarial.

- Data: Venres, 26 de abril 2024
- Horario: 12:00 a 13:00 h (CET)
- Presencial: pendente ubicación
- Online: ECOBAS Academy

PRODUCCIÓN CIENTÍFICA



>>> NOVAS PUBLICACIÓNS

Høgevold, N.M.; Rodríguez, R.; Otero-Neira, C.; Svensson, G. (2024)

[Benchmarking meta-analytical conceptualizations of B2B seller skills against empirical evidence in services firms](#)

Benchmarking

Lago Peñas, S. (2024)

[Coyuntura presupuestaria: los retos en 2024](#)

Cuadernos de Información Económica

Gonçalves, R.; Vlačić, B.; González-Loureiro, M.; Sousa, R. (2024)

[The impact of open innovation on the environmental sustainability practices and international sales intensity nexus: A multicountry study](#)

International Business Review

Rodríguez López, N.; Coronado Mondragon, A.E. (2024)

[The impact of supply chain integration from the Service-Dominant Logic perspective: Operant resources and value generation](#)

European Management Review

Ferro Soto, C.; Padín, C.; Svensson, G.; Høgevold, N.M. (2024)

[The sequential logic of quality constructs in sales business relationships: model and findings](#)

International Journal of Procurement Management

Zapata-Huamani, G.A.; Fernández-López, S.; Andreassi, T. (2024)

[The role of the university as a regional determinant of technological entrepreneurship](#)

Technology Analysis and Strategic Management

10th Atlantic Workshop on Energy and Environmental Economics

A Toxa, Galicia (Spain)
20 and 21 June 2024

>>> OPEN CALL

[10TH ATLANTIC WORKSHOP ON ENERGY AND ENVIRONMENTAL ECONOMICS](#)



A illa de A Toxa ccolle a décima edición do Atlantic Workshop on Energy and Environmental Economics que organiza Economics for energy coa colaboración de ECOBAS e o Grupo REDE da Universidade de Vigo e que terá lugar durante os días 20 e 21 de xuño.

- [Call for papers](#). ATA **01/05/2024**.
- [Web do evento](#)



>>> OPORTUNIDADES LABORAIS

- Convocante: **Universitat de Barcelona** (Dpto. Economía)
- Posición: Assistant Professor (seis anos) coa oportunidade de realizar actividades de investigación no marco do Institut d'Economia de Barcelona (IEB).
- [Accede aquí aos detalles da oferta](#)
- [Coñece aquí os requerimentos específicos](#)
- Prazo: ata o 22 de Abril de 2024
- [Ligazón a formulario para envío de solicitudes](#)
- Convocante: **Cátedra UDC-Inditex de Inteligencia Artificial en Algoritmos Verdes**
- Posición: investigador/a en formación. Liña de investigación: desenvolvemento de algoritmos que sean eficientes enerxéticamente
- Duración: INICIO: 01/01/2024 FIN: 31/12/2026
- Centro de Investigación principal: CITIC
- [Ligazón á convocatoria de contratación](#)



>>> PRESELECCIÓN CANDIDATURAS PROGRAMA ATRAE NA USC

A USC vén de informar da apertura dun **proceso de preselección** para a presentación de candidaturas á vindeira convocatoria do **programa ATRAE** da Axencia Estatal de Investigación.

O programa ATRAE ten como obxectivo facilitar a incorporación a universidades e centros de investigación españois **persoal investigador dun alto nivel científico que desenvolva a súa carreira profesional en centros estranxeiros**. Trátase en todos os casos de persoal investigador consolidado, cun alto nivel de produción científica, con experiencia na dirección de proxectos e equipos de investigación e na captación de fondos de I+D en convocatorias competitivas.

A dotación económica das axudas (que poden abarcar tres ou catro anos) é de 1 millón de euros, dos cales unha parte estará destinada ao financiamento do contrato, como investigador/a distinguido/a, do candidato/a, cun salario mínimo anual de 80.000, podendo chegar a 120.000 euros, durante a execución do proxecto.

A consecución da axuda conleva o **compromiso pola universidade solicitante de crear unha praza estable á finalización do proxecto** na área de coñecemento na que se incorpore o investigador/a.

O proceso de preselección da USC servirá para determinar o apoio da universidade compostelana a un número limitado de candidaturas, exclusivamente de candidatos/as que contén cun excelente currículo na súa área de coñecemento. Estes **candidatos/as deben estar apoiados por un grupo de investigación, centro ou instituto**, e contar coa aprobación do departamento ao que se adscribirá no caso de obter a axuda, e no que se estabilizaría ao rematar a mesma.

Para poder realizar un proceso de preselección é necesario que a vicerreitoría de Política Científica conte con información suficiente sobre posibles candidaturas, razón pola que solicita dos grupos de investigación e dos centros e institutos universitarios, que no caso de ter candidatos/as remitan a vr.cientifica@usc.gal a información seguinte, **antes do 15 de maio de 2024**:

- Grupo, centro ou instituto de investigación propoñente
- Persoa de contacto
- Presentación e CVA do/a candidato/a
- Beneficios que ocasionaría a incorporación da persoa proposta na USC
- Área de coñecemento/Departamento de adscripción

MÁIS COMUNIDADE



>>> VIII PREMIO CÁTEDRA AGROBANK Á MELLOR TESE DOUTORAL

A Cátedra AgroBank "Calidade e Innovación no sector Agroalimentario" convoca o VIII Premio Cátedra AgroBank á mellor Tese Doutoral, destinado a doutores que obtivesen o seu título nunha universidade española mediante a realización dunha tese doutoral nalgunha temática relacionada coa Calidade e Innovación no sector agrario ou alimentario.

O obxectivo deste premio é recoñecer a investigación levada a cabo en agricultura, gandería ou alimentación, en sentido amplo, especialmente nos ámbitos da innovación, calidade ou seguridade agroalimentaria, premiando aquela tese que supoña un avance significativo no coñecemento neste campo.



- **Dotación:** outorgarase un premio de 5.000 euros e un único accésit dotado con 1.000 euros.
- **Prazo** presentación candidaturas: ata o **30 de abril de 2024 ás 14:00 h**
- [Ligazón á información completa e as bases](#)

"NAVIGATING MISINFORMATION AND TRUST EROSION IN THE DIGITAL AGE" | CONVOCATORIA POSDOUTORAL DO RESEARCH FUND DE AXA

O Fondo de Investigación de AXA vén de publicar unha convocatoria de axudas posdoutorais no eido da investigación en Socioeconomía. O financiamento é de 140.000 euros para un periodo de 24 meses, incluíndo os custos de contratación e os gastos de investigación do proxecto. As persoas candidatas non poderán ter máis de 5 anos de antigüidade como doutores.

As datas relevantes da convocatoria AXA son:

- Prazo entrega preproposta: ata o 15 abril ás 16.00 h
- Prazo entrega proposta completa: do 22/04/24 ao 16/05/24 ás 16.00 h
- Data estimada comezo dos proxectos: xaneiro - setembro 2025.



Dado que a convocatoria establece que **se admitirá unha única candidatura por entidade**, recomendamos consultar o **procedemento de preselección** nas vosas respectivas universidades.

ÚNETE Á COMUNIDADE ECOBAS

Aínda non nos segues nas redes sociais? Únete a nós e non perdas nada do que acontece na nosa comunidade. Agardámoste!!



www.ecobas.gal

